



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm./ Expediente nº: 5679/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen

Procedemento/ Procedimiento: Accións de Carácter Cultural/ Acciones de Carácter Cultural

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Sendo que vaise levar a cabo a celebración do II concurso de Postais de Nadal 2024.

Visto a providencia asinada pola concellería de Educación, de Feiras e Mercados, Infancia, Xuventude e Deportes, Paula Vigo Lamas, e incorporada a este expediente onde se xustifica que a presente actividade non se encontra regulada pola normativa, e polo tanto a lexislación aplicable virá determinada pola Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Visto o informe de secretaría con código 2024-0283 emitido en data do 15 de novembro do 2024 onde se informa favorablemente ás pretensións da alcaldía no relativo a premios non solicitados polos beneficiarios.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1861 de 15 de novembro de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 19 de novembro de 2024./ Vista la propuesta de resolución PR /2024/1861 de 15 de noviembre de 2024 fiscalizada favorablemente con fecha de 19 de noviembre de 2024.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.





RESOLUCIÓN

Examinadas as Bases da convocatoria en relación co concurso, e de conformidade co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procede resolver:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras do II concurso de Postais de Nadal 2024 nos termos en que figuran no expediente, e segundo consta no documento asinado pola concelleira delegada en data do 15 de novembro do 2024 e con código seguro de verificación 6WANZSW9ZTFR9H32SNFY42333.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das Bases reguladoras do concurso na sede electrónica do Concello para dar coñecemento das mesmas e posibilitar calquera tipo de observación respecto delas.

TERCEIRO. Aprobar a realización dos premios segundo as disposicións contidas nas bases que rexen o mesmo, así coma aprobar e dispoñer o gasto adherido a esta actuación municipal nos termos indicados no informe de fiscalización incorporado ao expediente a saber: partida 326.22199 e contía total de 750,00 €.

CUARTO. O persoal encargado da valoración dos premios será nomeado mediante resolución da Alcaldía e deberá ser publicada na sede electrónica da Corporación cunha antelación mínima de dous días hábiles á celebración das actuacións do fallo do concurso.

En todo caso, a composición do tribunal poderá ser alterada mediante resolución da Alcaldía debidamente motivada e debido a circunstancias imponderables dos membros do tribunal.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO
ELECTRÓNICAMENTE**





Concello de Vilalba

BASES DO II CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2024

O Concurso desenvolverse de acordo ás seguintes bases:

1.- OBXECTO E FINALIDADE

O concurso ten por obxectivo principal o fomento da creatividade dos nenos con motivo das festas de Nadal.

2.- PARTICIPANTES

Poderán participar todos os escolares de primaria do Concello de Vilalba de acordo as seguintes categorías:

CATEGORÍA I: Infantil

CATEGORÍA II: de 1º a 3º de primaria

CATEGORÍA III: de 4º a 6º de primaria

3.- TEMA

O tema da postal terá que estar relacionado co Nadal e valorarase a imaxinación, orixinalidade, colorido e calidade da execución, con atención á idade dos nenos concursantes. No caso de que a postal conteña texto valorarase positivamente que estea escrito en galego.

4.- FORMATO

O formato da tarxeta será de 15 x 21 cm. o correspondente a medio folio e poderá realizarse tanto en sentido horizontal como vertical. O soporte material será papel ou cartolina fina. A técnica será libre, e poderán empregarse todo tipo de materiais tempera, ceras, carboncillo...

5.- PRESENTACIÓN

Cada autor poderá presentar una única postal que deberá ser orixinal, inédita e de técnica libre, sempre que se posibilite a súa reprodución impresa.

A tarxeta, na súa parte traseira deberá indicar o nome do alumno/a e o curso , e irá acompañada dunha folla cos datos persoais do participante.

As tarxetas entregaranse nos Colexios **antes do 29 de novembro de 2024.**





Concello de Vilalba

6.- PREMIOS

O xurado, seleccionará por cada categoría un máximo de tres traballos e cada premiado recibirá cadanseu diploma e agasallos por un importe total de 750€.

Ademais entre as tarxetas premiadas o Concello seleccionará a de maior puntuación para empregala como felicitación de Nadal.

Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

O financiamento dos premios farase con cargo á aplicación orzamentaria 326.22199 (orzamento municipal 2024 do Concello de Vilalba).

7.- XURADO

O xurado estará composto por un máximo de 5 persoas, designadas polo Concello para este fin, de distintos ámbitos, presidido por Concelleira de Educación, Concellería de Feiras e Mercados, Infancia, Xuventude e Deportes ou persoa en que delegue, e técnico de cultura ou persoa en quen delegue, que farán constar o resultado do concurso na acta correspondente. Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web www.vilalba.gal e na Sede Electrónica do concello.

O xurado comprobará que os participantes reúnen as condicións requiridas nas bases, e a resultas desta comprobación procederá a outorgar aos participantes as puntuacións de conformidade cos criterios que figuran nas presentes bases e procederá a declarar aos gañadores de cada premio.

O fallo do Xurado será inapelable e darase a coñecer o o mesmo día , o **luns 2 de decembro de 2024**.

8.- CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA O XURADO.

Os criterios de valoración serán:

- _ Uso de materiais reciclados
- _ Orixinalidade e creatividade
- _ Dificultade na execución
- _ Grao de relación coa festividade do “Nadal”
- _ Autonomía na elaboración e presentación do traballo.





Concello de Vilalba

9.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a aceptación das bases, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello.

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A Concelleira de Educación, Concellería de Feiras e Mercados, Infancia, Xuventude e Deportes, Paula Vigo Lamas





Concello de Vilalba

AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE (EN CASO DE PARTICIPANTE MENOR DE IDADE) - II CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2024

AUTORIZACIÓN DO/A REPRESENTANTE (EN CASO DE PARTICIPANTE MENOR DE IDADE)

Nome e apelidos:

Pai/nai ou titor legal:

NIF:

Teléfono **móbil (obrigatorio)**:

E-mail:

Autoriza:

- ao menor cuxos datos se recollen na folia de datos persoais para á participación no “II **Concurso de postais de Nadal 2024**”

- ao Excmo. concello de Vilalba á publicación dos datos persoais do referido menor, fotografías de dito concurso coa única finalidade de darlle publicidade ó evento.

VILALBA, a de de 2024.

Sinatura:

S. S^a A ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE VILALBA

Os datos aportados nesta inscrición serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

